

NÚMERO 19 / ABRIL 2023

MODO  
OSCURO  
ON

# CHÍO

SECUENCIA



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGOSEMPRE

Obra de Teresa Arrojo



## Teresa Arrojo. 32 de luz.\*


Paixón pola expresión artística. Vida con todas as letras. 32 de luz.

Abarcar varias disciplinas da arte é posible, ser quen de transmitir todo o que levas dentro, tamén. Quen non o crea é porqué non coñece a Teresa. Alguén capaz de comunicarse con torrente de verbas, mais tamén cas mans, que deixan a súa pegada persoal en cerámica, obra viva, pintura, arte floral, xoias, pergaminio, ...




# PORADA INTEGRAL





El coronel destapó el tarro del café y comprobó que no había más de una cucharadita. Retiró la cuchilla, vertió la mitad del agua en el piso de tierra y con un cuchillo raspó el interior del tarro sobre la arena. Cuando se desprendieron las últimas raspaduras quedó de café revueltas con óxido de lata.

Mientras esperaba a que hirviera la infusión junto a la hornilla de barro cocido en la arena, con una mezcla de confiada e inocente expectativa, el coronel comentó la sensación de que nacían hongos en su estómago. Era octubre. Una noche fría.



El coronel desatabó el tarro del café y comprobó que no había más de una cucharadita. Retiró la cuchilla, vertió la mitad del agua en el piso de tierra y con un cuchillo raspó el interior del tarro sobre la arena. Cuando se desprendieron las últimas raspaduras quedó de café revueltas con óxido de lata.

Mientras esperaba a que hirviera la infusión junto a la hornilla de barro cocido en la arena, con una mezcla de confiada e inocente expectativa, el coronel comentó la sensación de que nacían hongos en su estómago. Era octubre. Una noche fría.

## CRITERIUM

No dicionario panhispánico de dúbidas, finalmente veñen de concluir que a palabra "solo", en castelán, levará til a criterio do/da escribinte.

Se aínda puideramos deixar algo a criterio dalguén, o mundo sería un lugar marabiloso, no que ademais a lingua, as historias, os libros e a lectura, tomarían encabezados de xornais e medios de comunicación diversos, para anunciaren que o 23 de abril sería festivo (día de festa, logo), poñamos por caso. Fantasías no mundo real.

Como tan só pode acontecer, nos lugares nos que alguén coa cabeza no seu sitio, é quen de tomar conciencia de cómo se escribe, para qué e tal vez, porqué.

Digamos igualmente e a risco de viviren nun mundo fantástico: feliz día do libro!

# FESTIBLUS\*

# FESTIBLUXS

17

ENTRADA TAQUILLA: 12 euros  
ABONO: 40 euros

PIANTAO

21 de abril 2023  
ANNA DUKKE

22 de abril 2023  
SAXOS DEL AVERNO

28 de abril 2023  
SEAFOAM GREEN (Irlanda)

29 de abril 2023  
ANDHREA & THE BLACK CATS

clubtura  
1906  
Claviceumbé

EVENTO DO MES


# TEMPO ELECTORAL.

Certamente comenza un longo tempo electoral que nos levará ata as eleccións ó Parlamento Galego no ano 2024; mentres, e con data fixa, as municipais do 28M de este mesmo ano e as do Parlamento Europeo, que todo indica serán o día 26M do ano 2024.

Sen data fixa, as eleccións xerais en España, sobre as que corresponde ao Presidente do Goberno a súa convocatoria, todo indica que será polo mes de nadal a súa celebración; o mesmo acontece coas eleccións ó Parlamento Galego. As últimas celebráronse no mes de xullo do ano 20; polo que se apunta cara verán do ano 24, cando tocará aos galegos, elexir aos seus representantes no Pazo do Hórreo; neste caso, tamén é o Presidente quen ten a potestade de adianto dos comicios.

Pero imos ás que quedan máis preto: as municipais esas nas que os votantes elixen a veciños para que gobernen ós veciños; esas nas que os aspirantes a concelleiros escoitan os veciños, segundo eles, para facer un programa electoral, tantas veces utópico e adornado con frores de primaveira, que logo podrecen nun caixón.

Na capital da provincia, en Lugo, ante o coñecido ata o momento, só hai dúas posibilidades:



ou ben goberna unha coalición, a formada polo PSOE e máis o Bloque, da que xa coñecemos o reparto dos cartos a gastar, 60/40, con tódolos matices que se queiran, mesmo a dun *sorpasso* – pouco probable, pero posible –, acomodo de áreas, túa, miña; túa, miña... claro que para iso, teñen que acadar a suma de trece concelleiros entres as dúas formacións.

Os mesmos que terá que conseguir o Partido Popular (a outra posibilidade) para poder colher o bastón da alcaldía; saen fortes os da gaivota. A aposta vai ser potente, supoñemos que dende Santiago aguilloan á militancia e a candidata para dalo todo, co fin de chegar a destino e poder presumir de gobernar nunha capital galega.



A baralla está ó reparto, so falta poñer os trunfos. Do resto de formacións, dame que ó éxito será minguante e mesmo simbólico en algúns casos. Pero como digo, o de Lugo será só cousa de dous: ou a parella, ou os azuis.

Pero non remata aquí a cousa dende logo; en xogo está o goberno da Deputación Provincial, aí si que se moven cartos para ter contentos aos seus, enténdase alcaldes da mesma cor política. Esta si que será unha batalla sen treguas e con hostilidades e xenreiras; este si que é un prato que gusta a todos e polo que se ve, no partido xudicial de Lugo é onde se decide ese un deputado que pode caer dun lado ou do outro para dar o goberno provincial. Por certo, por que se mantén o anacronismo de esta institución? E logo non é tempo xa de falar en serio e poñerse a desmontar este andamio, por veces improutivo e clientelar? Do que, por certo, non hai papeletas de elección para os que deben votar.

En fin, xa queda pouco para a "festa democrática", pois poñámonos guapos para ver o baile de outros.

# Diferente

Paco Nieto

Xubilado



**Que pregunta lle gustaría que lle fixese?**

Quieres bailar?

**E cal sería a resposta?**

Si, pero no tengo aptitudes danzantes, aunque me gustaría y por este orden: La Milonga, el Tango, el Vals, a Muiñeira, Claqué, el Rock, Merengue, Twist, Foxtrot, la Yenka, Quickstep....

**Unha película?**

Alguien voló sobre el nido del cuco

**Un actor?**

Jack Nicholson

**Unha actriz?**

Lauren Bacall, Catherine Deneuve, Rita Hayworth, Meryl Streep... jah!, Y Aitana Sánchez Gijón

**Unha canción?**

Cualquiera de los Beatles, el disco Pangea de Abraham Cupeiro y el Quince Soles de Lucía Pérez

**Un libro?**

Vi luz... y entré, de Andrés Aberasturi

**Un autor?**

Dario Xohan Cabana y José Saramago

**Un articulista?**

Juan Soto Gutiérrez

**Un político?**

El que está por llegar y ponga en pie mi ciudad.

**Un tempo?**

La rebeldía de los sesenta

**Un taco?**

Cachis, Jolín... bueno, seamos serios, KRALLO

**Que lle molesta?**

Los hipócritas, fariseos


**Alguén ou algo despreciable?**

Sí, un mini caudillo y un par de personajes más de mi ciudad

# CHÍO DENDE RIBADEO

ANTONIO GREGORIO MONTES \*

O seu límite con Inglaterra, mar por medio, fai de **Ribadeo** non só un lugar de fronteira (múltiple) senón tamén de encontro e cosmopolitismo. O mar leva séculos comunicando esta terra co resto do planeta. E hai que dicir que, se ben por toneladas de mercadoría as contas estén en máximos neste século, por importancia comercial hai más de dous séculos que se manexaba o liño ou o Kummel báltico, embarcado alí en embarcadoiros co nome de Ribadeo. Un porto ao abrigo da ría de Ribadeo que é unha xoia no Cantábrico, cunha historia que inclúe o asentamento do bispado, que veu e volveu, a Mondoñedo, un entorno ó que se lle chamou Terras de Ribadeo e unha ría que a máis de levar o nome de Ribadeo polo mundo, contribuíu a sacar ferro de Vilaoudriz ou a acubillar naves da vencida invincible.



COLABORACIÓN

E si, tamén fronteira. Unha fronteira en retroceso dende hai tempo, hai xa moitos séculos, do que a lenda conta que se cambiou o territorio eonaviego por unha muller, despois dunha disputa entre bispos por ambas cousas, quedando as terras do lado de aló. De xeito abondo máis recente, pouco máis dun século, a **Veiga de Ribadeo** cambiou o seu nome polo de **Vegadeo**, conservando áinda detalles como o nome no seu palco da música.


E a día de hoxe, unha decisión dun organismo asentado en Madrid quere que Ribadeo comparta o nome da ría co río que comeza en terras de Baleira. Polo momento, espérase o xuízo para anular esa decisión, que de xeito xuioso non deberá ser tomada contra un nome que leva séculos asentado nas cartas mariñas de todo o mundo. Diso, igual que da illa Pancha, volveremos a tratar: Ribadeo dá de si para que unha introdución nunca se quede curta ó tempo que sempre sexa convinte.

A ría, que pode estar en disputa, en troques, na realidade, une.

Hai tempo que se evitaba o dar a volta pola Veiga simplemente collendo a barca de pasaxe, e a xente das Figueiras ou da súa capital de concello, Castropol, ó mercar en Ribadeo tiña moitas veces un desconto para contribuír ó pago da pasaxe. Hoxe as lanchas non son de pasaxe, senón turísticas.

O que fixo posible ese cambio foi unha ponte, a Ponte dos Santos, chamada así por estar trazada entre a beira de dúas capelas, a de San Miguel en Ribadeo e a de San Román nas Figueiras. Unha ponte que comezou sendo de estrada nacional (N-634) e logo pasou, ampliación mediante, de autovía (A-8). Visitálchela por baixo? Non?

Faino, é outra visión diferente.



## Puentes de España




Puente de los Santos sobre la Ría de Ribadeo  
2,00€

ESPAÑA  
CORREOS

000000



# LIBROS VIAJEROS HULA



Case 10 anos despois do seu inicio, se andas polo HULA e atopas un libro con esta identificación, quere decir que o proxecto **Libros Viajeros**, segue vivo.

Congratularse de que un hospital público sexa quen de ofrecer, de xeito gratuito, aos pacientes, acompañantes e más ao persoal do centro, libros cos que evadirse, debería ser lei.

E non falamos dun servizo de biblioteca financiado a cargo "de todos"; senón dunha idea que nace no 2014 e tenta, mediante o **voluntariado**, ofrecer a quen se atope alí ingresado, mellorar a súa estancia hospitalaria a través da vivencia da lectura.

O proxecto dispón dun banco de libros que se foi xestando co tempo, grazas fundamentalmente a doantes de libros anónimos, na súa maior parte.




Exemplares, que cando chegan ao HULA, pasan a denominarse **libros bookcrossing**. Xa que logo, todos están rexistrados e etiquetados e levan un número (BCID) que permite coñecer de onde veu o libro, ou que lle pareceu a lectores/as anteriores.

A área de **Humanización hospitalaria** do HULA, ten en marcha de xeito permanente, unha liña de voluntariado e baixo ese auspicio é posible que, na actualidade, Olga, Samara, Nuria ou Vanesa (mulleres voluntarias), acheguen lectura aos pacientes e manteñan o proxecto activo, facendo unha rolda de reparto semanal.

Así, as persoas ingresadas poden tomar títulos prestados, que despois é posible devolver, ben nas salas habilitadas ao efecto; ou ben compartiren con familiares e amigos. Grazas ao BCID (número de rexistro visible na etiqueta) do exemplar, entrando na [web de bookcrossing](#) pódese ademais contar a experiencia lectora no HULA.

Doutra banda, a iniciativa conta tamén cun [blog](#), no que se relatan os avances e actividades ligadas ao proxecto.



# Diferente

## María Luisa Velasco

Médico, madre, hija, hermana, esposa, amiga.  
Trabaja en el centro de salud de Fingoi



### Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Cuál es la diferencia entre sanidad y salud?

### E cal sería a resposta?

Según la OMS la salud es el bienestar pleno físioco, psíquico y social y no solo la ausencia de enfermedad. La salud físioca se nos regala (o no) cuando nacemos, la psicológica nos la regalan la familia y la sociedad en el mejor de los casos, con una educación equilibrada y un comportamiento "ejemplar" y la social es cuestión de suerte, suerte de nacer en el primer mundo o en el cuarto mundo, suerte de nacer en una ciudad u otra, en un barrio u otro, en una calle u otra, en una familia u otra...

### Unha película?

"El conde de Montecristo"

### Un actor?

Mel Gibson

### Unha actriz?

Lina Morgan

### Unha canción?

"Anduriña" Juan Pardo.

### Un libro?

no puedo decidirme por uno solo. El libro que con catorce años me leí en menos de 30 horas fue "La historia interminable". El primer libro que me hizo llorar "La cabaña del Tío Tom", el que me impactó "La casa de los espíritus", el que me llenó de orgullo "El médico", podría continuar así con un montón de títulos, pero mencionaré solo el último, el que reabrió heridas del alma "PATRIA", nada que decir, habla por sí mismo.

### Un articulista?

He de reconocer mi ignorancia en este campo, no puedo nombrar a ninguno

### Un político?

Luis Villares, un gran amigo y mejor persona.

### Un tempo?

El presente, siempre, nunca ningún tempo fue mejor

### Un taco?

No digo tacos, ninguno


### Que lle molesta?

La hipocresía y el fariseísmo, la mala intención en el ser y actuar.

### Alguén ou algo despreciable?

Adolf Hitler

# CONCEPCIÓN ARENAL




Possiblemente moita xente é quen de dicir que lle soa o nome de Concepción Arenal. Todos lembran un colexio, un instituto, unha praza, unha institución ou unha rúa, como é o caso que nos ocupa aquí, que lleva tal apelativo. Pero máis difícil sería atopar a alguén que saiba explicar, aínda que sexa nun par de palabras, por qué nalgún momento, decídese darlle tal honra a quen posúe tal nome.

Porque **Concepción Arenal**, unha muller altamente considerada e estudiada en medios académicos internacionais, non deixa de seren unha gran descoñecida para moitos galegos/as.

Alguén que foi ensaista, diplomada en dereito, xornalista, defensora dos dereitos da muller , reformista, poeta, dramaturga, traballadora social, defensora do papel humanitario das institucións, ...apenas é recordada, polos máis curiosos/as e tal vez, pola súa vertente de reformadora do sistema penitenciario e defensora dos presos.

Lembrar alguén así é de recibo, aínda que sexa adicándolle un recuncho neste **Chío** que tamén bebe da esencia vanguardista das cousas.

Rúa Concepción Arenal , en Lugo





# A BOCADOS

**MELINA LOPÉZ**

Propostas de entrada libre e abertas ao longo de todo o mes, temos varias, como por exemplo a exposición **"Cidades no tempo"** que podemos visitar na sede de Abanca.



Ou, no **museo provincial**, no horario habitual de entidade, unha **exposición numismática**.

A **asociación Anvar**, ca idea de dar a coñecer o gran patrimonio numismático que ten Galicia, afronta esta exposición, na que se presentan pezas de importante calado.

Na idea de conmemorar o **día do libro** (novamente) ca actividade más acaída e a falta de feira propriamente dita, ou celebración concreta na cidade, máis aló da propia venda, recomendamos **"Tres luces"**, de **Claire Keegan**. Unha historia moi breve, situada no rural irlandés dos 80 e editada por Eterna Cadencia; xa que ademais dispón dunha recente adaptación cinematográfica chamada **"The quiet girl"**.

# ACLARANDO QUE É XERUNDIO

**Chío** avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** ([www.lugosempre.com](http://www.lugosempre.com))

En relación aos **contidos** deste **Chío**, é preciso aclarar:

- \***32 de luz** é o espazo que acolle a obra de Teresa Arrojo, na rúa Isaac Díaz Pardo, de Recatelo. Cita permanente a non perder para coñecer a súa obra.
- O evento do mes, o **Festiblus**, que acada a súa séptima edición, ven presentado pola gran man artística de **Quique Bordell** (cartel)
- **Antonio Gregorio Montes** é un xubilado inquieto, profesor que profesa gran amor pola terra e dende o número anterior de Chío, o noso correspondente ribadense. Aquí, o seu propio **blog**.
- Con seguridade, os **Libros Viajeros** levarán a cabo algunha actividade relacionada co día do libro, polo que recomendamos seguir o seu blog.



LugoSempre



@lugosempre

No referido as **imaxes**, hai que dicir que todas son de autoría propia, ou ben cedidas con gusto, polo autor/a ou artista, no caso que proceda.

No caso da composición *pop art* de Concepción Arenal, é un extracto das redes e descoñecemos se responde a autoría "humana".

Lembramos que, ao longo da revista, existen **diferentes ligazóns** que permiten visitar outros sitios webs. Animamos aos lectores/as de **Chío** a darlle ao **click**.

**Coordina e dirixe Chío:**  
**Melina López.**

